

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2023/20

DATA: xoves 26 de outubro de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 23:59 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA accidental: VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
SARELA BETANZOS FREIRE
PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMÓN VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARÍA ELENA ABUIN CAROU
JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
MARÍA ELENA OTERO OTERO
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA MUÑÍZ
Rianxo en Común
JULIO ALCALDE HERMO
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

AUSENTES

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTAS

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 582.752 exp. 2023/G010/000020

2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS
3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: RECOÑECER A DEDICACIÓNS EXCLUSIVA AO CARGO DE ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIANXO
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE; SOLICITUDE A PORTOS DE GALICIA DA CREACIÓN DE 2 PANTALÁNS PARA TRANSITO DE PASAXEIROS NO MUELLE DA "T" DE RIANXO
5. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: ESTUDO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NON FISCAL REFERENTE A DECLARACIÓNS RESPONSABLES COMO MEDIO DE REGULACIÓN DE ACTIVIDADE AGRÍCOLA E ORDENANZA Nº 18, XERAL DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ESTUDO DE MODIFICACIÓN DE PROCEDIMENTO E TRÁMITES QUE AFECTA A ORDENANZA FISCAL NÚM. 19, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, ASNELOS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.
7. MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: POLÍGONO DE TÉ
8. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: NECESIDADE URXENTE DE XERAR UN PLAN CONCILIA: PROGRAMA RIANXO MADRUGA, COMEDORES E ACTIVIDADES FÍSICO - DEPORTIVAS, DÍAS SIN COLE
9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: PRESUPOSTO 2024
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CON MOTIVO DA INTERPOSICIÓ DUN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE ORDENACIÓN INTEGRADA DO LITORAL, APROBADA POLO PARLAMENTO DE GALICIA O PASADO 4 DE XULLO
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE RIANXO CON MOTIVO DO PERIGO MANIFESTO DE CAÍDA BALAUÍSTRE NO CAMPO DE ARRIBA.
12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS/DAS TRABALLADORES/AS DA LIMPEZA DE CORREOS

PARTE DE CONTROL

13. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
14. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O RESULTADO DO CONTROL INTERNO EN 2022 (ICI 2022)
15. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A INFORMES DE INTERVENCIÓ E OUTROS DE 2022
16. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O RESULTADO DO CONTROL DOS ANTICIPOS DE CAIXA E PAGOS A XUSTIFICAR DE 2022
17. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000020 e identificado pola pegada dixital:

3f8844a40dbb1c8da1c06522544c1e1816849b98c18233b871a4f745da648eff

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=Q99tEzvCVWc>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTAS

✓ APROBACIÓN ACTA Nº 16/2023 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 30/08/2023

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 16/2023 de 30/08/2023

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/08/2023, Acta nº 16/2023.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **proposta** nos termos desta.

✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 17/2023 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE
DO 13/09/2023**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 17/2023 de 13/09/2023

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 13/09/2023, Acta nº 17/2023.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **proposta** nos termos desta.

✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 18/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 28/09/2023**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 18/2023 de 28/09/2023

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/09/2023, Acta nº 18/2023.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 19/2023 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO
11/10/2023**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 19/2023 de 11/10/2023

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 11/10/2023, Acta nº 19/2023.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

2 PROPOSTA DA ALCALDÍA DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Considerando as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda aos Alcaldes e a dedicación necesaria para o bo goberno deste Concello, se propón en primeiro lugar a dedicación exclusiva para o cargo do titular da Alcaldía, no exercicio da súa función representativa e institucional e na alta función directiva de tódolos servizos municipais.

En segundo lugar, tamén se considera necesaria a dedicación parcial de tres concellerías para o exercicio das responsabilidades que supoñen as delegacións especiais encomendadas polo señor Alcalde de dirección, impulso e coordinación nas respectivas materias de:

Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.

Benestar Social, Igualdade, Maiores e Xuventude.

Obras e Servizos Básicos. Medioambiente.

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións da Alcaldía e os concelleiros responsables das Áreas que se conteñen no presente, co informe de Secretaría e Intervención, con base no preceptuado no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e estudadas as especiais características do Concello, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:

Recoñecer a **dedicación exclusiva** ao cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, ao que se lle esixirá a dedicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de **41.000 €** brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

SEGUNDO:

Recoñecer a **dedicación parcial** ao cargo de concelleiro/a delegado/a con delegación especial

nas seguintes materias:

- Concellería Delegada de Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.
- Concellería Delegada de Benestar Social, Igualdade, Maires e Xuventude.

Os cargos que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 30 horas semanais.

A retribución que percibirán os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de **19.000 €** brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicaranse o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

TERCEIRO.

Recoñecer a **dedicación parcial** ao cargo de concelleiro delegado con delegación especial na seguinte materia:

- Concellería Delegada de Obras e Servizos Básicos. Medioambiente.

O cargo que se desempeñe con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 25 horas semanais.

A retribución que percibirán os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de **17.000 €** brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicaranse o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

CUARTO.

Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

QUINTO

Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

SEXTO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento.

SÉTIMO

Aprobar a modificación da base 26ª das Bases de execución do Orzamento 2023 que quedaría como segue:

"BASE 26ª: RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1º) As retribucións por dedicacións dos membros do Concello serán :

<i>Tipo de dedicación</i>	<i>Cargo</i>	<i>Retribución anual por posto</i>
<i>Dedicación exclusiva</i>	<i>Alcalde</i>	<i>41.000,00€</i>
<i>Dedicación parcial</i>	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.</i>	<i>19.000,00 €</i>
	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Benestar Social, Igualdade, Maiores e Xuventude.</i>	<i>19.000,00 €</i>
	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Obras e Servizos Básicos. Medioambiente.</i>	<i>17.000,00 €</i>

"

OITAVO

Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

NOVENO

Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerarase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVICIOS

ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 2 votos a favor (2 Concelleiro/a de Rianxo en Común), 3 abstencións (1 Concelleiro/a de BNG e 2 Concelleiro/a de PSOE) 2 votos en contra (2 concelleiros/as do PP), dos 7 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO:

Recoñecer a **dedicación exclusiva** ao cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, ao que se lle esixirá a dedicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de **41.000 €** brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

SEGUNDO:

Recoñecer a **dedicación parcial** ao cargo de concelleiro/a delegado/a con delegación especial nas seguintes materias:

- Concellería Delegada de Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.
- Concellería Delegada de Benestar Social, Igualdade, Maiores e Xuventude.

Os cargos que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 30 horas semanais.

A retribución que percibirán os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de **19.000 €** brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir

indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

TERCEIRO.

Recoñecer a **dedicación parcial** ao cargo de concelleiro delegado con delegación especial na seguinte materia:

- Concellería Delegada de Obras e Servizos Básicos. Medioambiente.

O cargo que se desempeñe con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 25 horas semanais.

A retribución que percibirán os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de **17.000 €** brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicaranse o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

CUARTO.

Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

QUINTO

Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

SEXTO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento.

SÉTIMO

Aprobar a modificación da base 26ª das Bases de execución do Orzamento 2023 que quedaría como segue:

"BASE 26ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1º) As retribucións por dedicacións dos membros do Concello serán :

<i>Tipo de dedicación</i>	<i>Cargo</i>	<i>Retribución anual por posto</i>
<i>Dedicación exclusiva</i>	<i>Alcalde</i>	<i>41.000,00€</i>
<i>Dedicación parcial</i>	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.</i>	<i>19.000,00 €</i>
	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Benestar Social, Igualdade, Maiores e Xuventude.</i>	<i>19.000,00 €</i>
	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Obras e Servizos Básicos. Medioambiente.</i>	<i>17.000,00 €</i>

"

OITAVO

Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

NOVENO

Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo Rianxo en Común) cero abstencións, 12 votos en contra (dos 5 membros do grupo PP, 5 membros do grupo PSOE e 2 membros do grupo BNG dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resultando **NON APROBADA** dita proposta

3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: RECOÑECER A DEDICACIÓNS EXCLUSIVA AO CARGO DE ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIANXO

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, sesión organizativa, no punto N° 12 da sesión, "Proposta da alcaldía, dedicacións exclusivas e parciais" abórdouse, tal e como indica o punto a proposta a respecto das dedicacións exclusiva e parciais.

O primeiro apartado propoñía recoñecer a dedicación exclusiva ao cargo de Alcalde – Presidente do Concello de Rianxo. Neste apartado establecíase a retribución de 45.000 euros brutos anuais

O segundo apartado estaba adicado ao recoñecemento e retribucións da dedicacións parciais.

Os demais apartados establecían os aspectos administrativos, temporais e orzamentarios necesarios para realizar a proposta.

Tal e como se recolle na acta da sesión a proposta non saíu adiante.

Como se expuxo na sesión, a proposta no seu conxunto non tiña sido obxecto da negociación que a representatividade de cada un dos grupos políticos, a xuízo dos propios grupos requiría.

Dende o respecto á posición da Corporación neste punto, entendemos non obstante que é unha anomalía a situación actual pola que o Alcalde elixido pola corporación na sesión plenaria celebrada o día 17 de xuño de 2023 e *"ao que se lle esixe dedicación de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario"*, tal e como sinala a proposta, non teña a retribución económica que corresponde ao desempeño do cargo de Alcalde

É por isto polo que realizamos a seguinte proposta que tenta resolver esta situación que como se indica nós entendemos que é anómala e non desexable tanto dende o punto de vista institucional coma dende punto de vista persoal da persoa que exerce a responsabilidade da Alcaldía do Concello de Rianxo.

A proposta recolle o apartado adicado á recoñecemento da dedicación exclusiva ao cargo de Alcalde do Concello de Rianxo. O apartado da proposta adicado ao recoñecemento das dedicacións parciais, entendemos que ten que ser obxecto de negociación co resto dos grupos da corporación tal e como se expuxo na sesión organizativa.

E por todo o exposto polo que se propón:

PRIMEIRO:

Recoñecer a dedicación exclusiva ao cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, ao que se lle esixirá a dedicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos

asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de 45.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente.

Así mesmo, non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

SEGUNDO

Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta do membro da Corporación con dedicación exclusiva, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

TERCEIRO

Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

CUARTO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento.

QUINTO

Aprobar a modificación da base 26ª das Bases de execución do Orzamento 2023 que quedaría como segue:

BASE 26. RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1) As retribucións por dedicacións dos membros do concello serán:

Tipo de dedicación: Exclusiva

Cargo: Alcalde

Retribución anual por posto: 45.000 €

Por causa da urxencia do asunto así como polo seu carácter de necesidade, pregase que este asunto se propoña á consideración do Pleno da Corporación na próxima sesión extraordinaria, sen agardar á sesión ordinaria que corresponde se celebre o último día do mes de setembro de 2023

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVICIOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 5 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE, 1 concelleiro/a do BNG, 2 concelleiros/as do PP), 2 abstencións (2 concelleiros/as de Rianxo en Común), e cero votos en contra dos 7 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO:

Recoñecer a dedicación exclusiva ao cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, ao que se lle esixirá a dedicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de 45.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente.

Así mesmo, non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

SEGUNDO

Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta do membro da Corporación con dedicación exclusiva, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

TERCEIRO

Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

CUARTO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento.

QUINTO

Aprobar a modificación da base 26ª das Bases de execución do Orzamento 2023 que quedaría como segue:

BASE 26. RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1) As retribucións por dedicacións dos membros do concello serán:

Tipo de dedicación: Exclusiva

Cargo: Alcalde

Retribución anual por posto: 45.000 €

Por causa da urxencia do asunto así como polo seu carácter de necesidade, pregase que este asunto se propoña á consideración do Pleno da Corporación na próxima sesión extraordinaria, sen agardar á sesión ordinaria que corresponde se celebre o último día do mes de setembro de 2023

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PSOE e 5 dos membros do grupo PP), cero votos en contra e cinco abstención (dos membros do grupo Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

Solicítase por parte dos concelleiros, que se lean a MOCIÓN SOBRE A IMPORTANCIA DO SECTOR DO MAR NA ECONOMÍA, NA SOCIEDADE E NA IMAXE E PRESTIXIO DE GALICIA a continuación do punto tres, A secretaria accidental da corporación, advirte que os asuntos que van fora da orden do día teñen que ser tratados antes do punto de Rogos e Preguntas, e non se pode alterar a orden do día, os concelleiros por unha unanimidade dos presentes acordan a pesar das advertencias da secretaria accidental, tratar a proposta fora da orden do día antes de dar lectura o punto 4 e seguintes.

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

MOCIÓN SOBRE A IMPORTANCIA DO SECTOR DO MAR NA ECONOMÍA, NA SOCIEDADE E NA IMAXE E PRESTIXIO DE GALICIA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **A IMPORTANCIA DO SECTOR DO**

MAR NA ECONOMÍA, NA SOCIEDADE E NA IMAXE E PRESTIXIO DE GALICIA, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o ano 2022 como Ano Internacional da Pesca e a Acuicultura Artesanais, en recoñecemento dos millóns de pequenos pescadores, acuicultores e traballadores do peixe e do marisco que proporcionan alimentos sans e nutritivos, contribuíndo á seguridade alimentaria e á nutrición, á erradicación da pobreza e ao uso sostible dos recursos naturais.

En Galicia estas actividades destacan tanto pola súa pegada social, económica e riqueza produtiva, como pola súa tradición, situando ao noso territorio como principal rexión pesqueira de Europa. Ademais estas actividades forman parte da nosa identidade, vertebran e arraigan poboación nos nosos municipios costeiros e son parte primordial da nosa paisaxe diferencial e do noso atractivo turístico.

En 2020 os sectores da pesca (principalmente de artes menores), marisqueo e acuicultura (principalmente cultivos extensivos de bivalvos), aos que hai que sumar as industrias de procesado e conservación destes produtos representan o 1,8% do produto interior bruto da economía galega.

Galicia destaca no contexto nacional pola súa especialización nos sectores de pesca, marisqueo e acuicultura. De feito estas ramas de actividade primaria do mar galegas contribúen con mais do 40% do Valor Engadido Bruto xerado polas pesca, marisqueo e acuicultura española; e con mais do 55% en termos de emprego. En ningún país da UE as actividades relacionadas con estes sectores teñen tanta significación no ámbito social e económico, como en Galicia.

En 2020 a contribución ao PIB galego da pesca, o marisqueo e a acuicultura foi do 0,9%, moi superior á media europea (0,04%). A contribución ao emprego destas actividades sempre foi importante en Galicia, a pesar da tendencia descendente dos últimos vinte anos, e mantivo ao noso país como unha rexión altamente dependente da pesca (no seu sentido mais amplo). En 2020 empregaron en Galicia a 19.414 persoas, o 2,9% do total de Galicia. Un terzo na industria de procesado e conservación e dous terzos nas actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas. En 2001 tiñamos en Galicia 6551 permex de mariscadoras/es e no ano 2022 temos 3614.

En 2021 Galicia contabiliza unha importantísima flota pesqueira que faena maioritariamente no caladoiro nacional con 4.260 embarcacións (un 96% faena nos caladoiros nacionais e empregan maioritariamente artes menores). A estas hai que sumar 1.281 buques da acuicultura de bivalvos e auxiliares, que dan servizo principalmente as 3.386 bateas adicadas ao cultivo do mexillón.

Datos todos estes, que dan idea tamén da potencia galega na construción de barcos e viveiros flotantes, e son parte do rico patrimonio vivo da nosa carpintería de ribeira, que ven de ser recoñecido como Ben de Interese Cultural. A importante contribución da acuicultura extensiva de mexillón galega á soberanía alimentaria de Galicia e de España queda reflectida no seguinte dato: nas bateas fondeadas nas rías galegas produciuse en 2020 o 22% do total dos produtos da pesca e da acuicultura española. Ademais o mexillón galego é o único produto do mar español que goza do recoñecemento da súa calidade vinculada á orixe a través do selo europeo da Denominación de Orixe Protexida.

En Galicia teñen porto base case a metade da flota pesqueira de España e o 5,73% da flota pesqueira da UE. O número de tripulantes en 2021 de toda a flota pesqueira galega foron 11.556.

Segundo o Anuario de Pesca de 2021, perante ese ano as operacións de venda nas lonxas galegas representaron case 3,8 millóns de transaccións comerciais e se comercializaron preto de 133 mil toneladas de produtos de pesca, que supuxeron unha facturación de case 413 millóns de €, dos que o 17,43% corresponden a bivalvos e o 68,26% a peixes.

Segundo a Análise do Sector da Pesca do IGE (2023), o sector da pesca e acuicultura ten un carácter senlleiro na nosa economía porque entre todos os nosos sectores económicos e o que presenta o maior índice de especialización produtiva fronte á Unión Europea dos 27.

A importancia económica derivada do sector primario do mar únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, o turismo en Galicia susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.

Este forte vencello entre as actividades primarias e o entorno onde se desenvolve singulariza a paisaxe da costa galega coa actividade das embarcacións de pesca artesanal e o marisqueo e as bateas nas rías. Todos eles producindo peixes e mariscos de calidade, aos que os consumidores outorgan alta estima e prestixio. Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades costeiras.

Considerando que a pesca, o marisqueo e a acuicultura de bivalvos son actividades de carácter extensivo, artesanal e sostibles; constitúen o cerne do modo de vida tradicional nas nosas costas e son as que se practican maioritariamente en todo o litoral galego, ámbito xeográfico competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando que, ademais da súa vertente produtiva e económica (creación de renda, valor e emprego), é indiscutible que a pesca, o marisqueo e a acuicultura artesanal representan un dos sinais de identidade máis importantes de Galicia. Ten un arraigo estrutural en termos sociais e demográficos da actividade nos enclaves costeiros e actúa sobre áreas costeiras de alta sensibilidade ambiental, ten unha compoñente de desenvolvemento humano e territorial moi elevado, na súa dimensión social e cultural, contribúe á independencia alimentaria da Unión Europea e ao aprovisionamento do mercado de produtos naturais e de calidade contrastada, mantendo un peso notorio en termos de emprego directo e de efectos indirectos a escala local-regional sobre moitos outros sectores de actividade, o que se destaca e defende pola Comisión de Pesca Europea.

Por todo isto presentamos e seguinte **Iniciativa -Lexislativa Popular**, consistente na introdución de dous novos artigos (artigo 5 bis e 5 ter, no Título I) na vixente Lei de Pesca de Galicia:

Artigo 5 bis- Declaración de interese xeral.

Decláranse a todos os efectos de interese xeral as actividades de pesca, marisqueo e acuicultura de bivalvos realizadas no ámbito xeográfico competencial da Xunta de Galicia.

Artigo 5 ter.- Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia.

1.- Nos plans de Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia, polas súas peculiares características, priorizaráse e garantiráse o exercicio das actuais actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, fronte a calquera outro proxecto ou explotación ou á introdución de actividades que resulten incompatíbeis ou supoñan unha afectación negativa para as actividades produtivas devandías.

2.- En calquera proxecto ou explotación que supoña un uso do espazo marítimo donde se estean desenvolvendo as devanditas actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos será preceptivo e vinculante un informe da Consellería do Mar, que de ser negativo obrigará ao órgano competente a ditar unha resolución motivada poñendo fin ao procedemento e arquivando as actuacións. O informe será remitido no prazo máximo de trinta días.

Por todo isto, os distintos sectores do mar propoñemos que o Pleno Municipal acorde:

1.-Apoiar formalmente como necesario e oportuno que se garanten e prioricen as actividades da pesca, marisqueo e acuicultura extensiva no espazo marítimo da costa galega fronte a outras actividades que ben polo seu carácter contaminante ou porque ocupan o espazo da súa actividade, son contraditorias e poñen en perigo a súa sostibilidade.

2.-Apoiar a I.L.P. “para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras” e facilitar a recollida de sinaturas.

3. Trasladar este acordo plenario ao Presidente da Xunta de Galicia, instándolle a darlle o apoio parlamentario necesario.

4. Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal á Cofradía de Rianxo, Paseo de Manuel Antonio nº 16, C.P. 15920, Rianxo, A Coruña

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE; SOLICITUDE A PORTOS DE GALICIA DA CREACIÓN DE 2 PANTALÁNS PARA TRANSITO DE PASAXEIROS NO MUELLE DA “T” DE RIANXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co ánimo de mellorar e potenciar o turismo marítimo en Rianxo, creemos dende este GRUPO MUNICIPAL que debemos establecer un proxecto para a creación dun pantalán de pasaxe, que permita a carga e descarga de pasaxeiros, convertindo a Rianxo nun punto de interese no ámbito do turismo marítimo, permitindo a chegada de máis veleiros, inclusión de rutas turísticas, etc

Así mesmo esta proposta deberá ir acompañada cun estudio de repercusión Turística:

- Estimación de nº de viaxeiros en Concellos similares que dispoñan deste servizo.
- Promoción de servizos de carga e descarga incluíndo a Rianxo dentro de rutas xa existentes na nosa Ría.
- Promoción de visitas a Rianxo guiadas
- Convertir a Rianxo como punto de chegada ou saída de Rutas turísticas pola nosa Ría.
- Establecer un proxecto xunto coa hostelería de degustación de produtos da nosa ría, establecendo acordos coa Cofradía de pescadores, asociacións mexilloeiras, etc

O turismo marítimo creemos que debe ter un interese grande para Rianxo, xa que abriría a posibilidade de plantexar novas alternativas de visitantes á nosa vila, pero para eso necesitamos unha proposta firme, de calidade e que implique os sectores produtivos de Rianxo, así como a comercio e hostalería.

Así mesmo todas estas propostas deberán ir asociadas a unha remodelación da nosa fachada marítima (a longo prazo), a un estudo lumínico do noso pobo, co ánimo que a vista de Rianxo

dende o mar sexa un referente na comarca., e xere un atractivo añadido ós seus visitantes.

NON FALAMOS DE GRANDES INVERSIÓN; senón de modificar e desenvolver un proxecto que poña a Rianxo como un dos pioneiros en desenvolver proxectos lumínicos.

ACORDOS

- ✓ Solicitar nun prazo de 1 mes unha reunión con Portos para trasladar esta posibilidade.
- ✓ Establecer un informe previo de análise para estimar as acción Turísticas a desenvolver
- ✓ Facer unha comisión de participación donde estean reflexadas: Cofradía de Pescadores, Asociacións de comerciantes de Rianxo e Concello de Rianxo.
- ✓ Establecer un proxecto de comunicación e promoción turística dende a mancomunidade Arousa Norte, e vinculada tamén s servizos que se prestan noutras Comarcas.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 4 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE, 2 concelleiro/a de PP), 3 abstencións (2 concelleiros/as do Rianxo en Común e 1 concelleiro/a do BNG) e 0 votos en contra, dos 7 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

- ✓ Solicitar nun prazo de 1 mes unha reunión con Portos para trasladar esta posibilidade.
- ✓ Establecer un informe previo de análise para estimar as acción Turísticas a desenvolver
- ✓ Facer unha comisión de participación donde estean reflexadas: Cofradía de Pescadores, Asociacións de comerciantes de Rianxo e Concello de Rianxo.
- ✓ Establecer un proxecto de comunicación e promoción turística dende a mancomunidade Arousa Norte, e vinculada tamén s servizos que se prestan noutras Comarcas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do Grupo municipal PSOE, presenta unha emenda a Moción ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023 , que textualmente di:

modificación da moción presentada por rexistro con data 13.10.2023 polo PSdG Rianxo e definida no art. 97.5 do citado RD 2568/1986, definíndoa como “a proposta de modificación dun ditame ou proposta presentada por calquera colexiado, mediante un documento presentado ao presidente antes de iniciar a deliberación do asunto.”

MOCIÓN Solicitude a Portos de Galicia da creación de 2 pantaláns para transito de pasaxeiros no Muelle da “T” de Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co ánimo de mellorar e potenciar o turismo marítimo en Rianxo, creemos dende este GRUPO MUNICIPAL que debemos establecer un proxecto para a creación dun pantalán de pasaxe, que permita a carga e descarga de pasaxeiros, convertendo a Rianxo nun punto de interese no ámbito do turismo marítimo, permitindo a chegada de máis veleiros, inclusión de rutas turísticas, etc

Así mesmo esta proposta deberá ir acompañada cun estudio de repercusión Turística:

- Estimación de nº de viaxeiros en Concellos similares que dispoñan deste servizo.
- Promoción de visitas a Rianxo guiadas
- Promocionar e converter a Rianxo como punto de chegada ou saída de Rutas turísticas pola nosa Ría. Por exemplo aspirar a ser unha das paradas do programa turístico Navega_el_camino-Barbanza_Arousa
- Establecer un proxecto conxunto coa hostalería de degustación de produtos da nosa ría, establecendo acordos coa Confraría de pescadores, asociacións mexilloeiras, etc

O turismo marítimo creemos que debe ter un interese grande para Rianxo, xa que abriría a posibilidade de plantexar novas alternativas de visitantes á nosa vila, pero para iso necesitamos unha proposta firme, de calidade e que implique ós sectores produtivos de Rianxo, así como a comercio e hostalería.

Así mesmo todas estas propostas deberán ir asociadas a unha remodelación da nosa fachada marítima (a longo prazo), a un estudo lumínico do noso pobo, co ánimo que a vista de Rianxo dende o mar sexa un referente na comarca., e xere un atractivo engadido ós seus visitantes.

NON FALAMOS DE GRANDES INVERSIÓN; senón de modificar e desenvolver un proxecto que poña a Rianxo como un dos pioneiros en desenvolver proxectos lumínicos.

ACORDOS

Instamos ao Grupo de Goberno de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo a:

1. Elaborar un informe previo de análise para estimar as acción Turísticas a desenvolver en Rianxo, e establecer as comunicacións e promocións turísticas que se poidan desenvolver xunto coa mancomunidade Arousa Norte e outros axente turísticos.
2. Crear unha comisión de participación donde estean reflexadas: confraría de Pescadores, Asociacións de comerciantes de Rianxo , Concello de Rianxo Náutico de Rianxo.
3. Elaborar un estudo lumínico do casco antigo de Rianxo coa finalidade de destacar a vista que dende o mar tan característica ten o noso pobo.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PSOE e dos 5 membros do grupo PP), cero votos en contra cinco abstención (dos membros do grupo Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

5 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: ESTUDO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NON FISCAL REFERENTE A DECLARACIÓNS RESPONSABLES COMO MEDIO DE REGULACIÓN DE ACTIVIDADE AGRÍCOLA E ORDENANZA Nº 18, XERAL DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entendemos que o seu funcionamento debe ser revisado, xa que houbo modificacións legislativas e consideramos que deben ser tidas en conta co ánimo de garantir un bo funcionamento veciñal, incluíndo novas actividades, nós hoxe aquí imos propoñer unha referente a limpeza de beirarrúas, co ánimo de darlle seguridade ós veciños e veciñas que fagan a súa labor agrícola en terreos lindeiros a beirarrúas e camiños de titularidade pública, e o mesmo tempo a seguridade a nivel Municipal de garantir un control, eliminando así un dos motivos de que as beirarrúas estén con herba en épocas estivais principalmente e baixando o custes co que se podería destinar eses recursos a outras tarefas, servizos, etc

Ordenanza núm. 18, xeral de limpeza e medio ambiente Artigo 4.- 1.- Tódolos habitantes de Rianxo están obrigados, no que concirne á limpeza do Concello, a observar unha conducta encamiñada a evitar e previr a sucidade

Os procesos de limpeza e desbroce están ocupando un esforzo económico importante a nivel Municipal, e en moitas casos por accións indirectas, e sen responsabilidade MUNICIPAL na maioría dos casos obriga ó Concello a ter que invertir recursos económicos e de persoal nestas tarefas, por iso co ánimo de mellorar o control e non dificultar a labor dos veciños e veciñas que fan estes traballos.

Así mesmo sería de aplicación (sendo xa obrigatorio) que cada veciño ou veciña tivera limpa a súa finca, o seu muro, polo que a nivel Municipal deberíamos iniciar un procedemento de control sobre estes aspectos co fin de eliminar custe nas dinámicas de limpeza e desbroce, e destinar os recursos Municipais cara aspectos que realmente lle competen a este último.

Sabemos que é unha tarefa complicada, máis tamén entendemos que é unha tarefa necesaria, que implica de inicio un cambio de funcionamento, un cambio de costumes e hábitos, pero tamén entendemos que repercutirá de forma positiva no noso Concello.

Implicará un control por parte das persoas responsables : técnico de medioambiente e policía local.

Sería de interese, que de forma paralela a modificación desta ordenanza non fiscal, se iniciara unha **CALENDARIZACIÓN NAS ACTUACIÓNS, MARCAR AS ZONAS MEDIANTE CÓDIGOS DE URXENCIA, FACER UN TRABALLO DE CAMPO PARA DETERMINAR O ESTADO DOS TERREOS, MUROS, PROPIEDADES LINDEIRAS CON PISTA DE TITULARIDADE MUNICIPAL E ESTABLECER UN TRABALLO COORDINADO XUNTO CO RESTO DE ADMINISTRACIÓN QUE PARTICIPAN NA LIMPEZA DAS PISTAS.**

Así mesmo e co ánimo de mellorar a convivencia entre os veciños e veciñas creemos que é importante que o Concello aplique o Artigo 31.- O Concello poderá establecer na vía pública os equipamentos especiais para as deposicións dos animais domésticos, sinala-los lugares habilitados, instalar elementos de contención para facilitar o libramento de excrementos a que fai referencia no apartado 5 b) do Artigo 30, e procederá a coloca-las sinais preventivas e informativas necesarias para o cumprimento do presente precepto.

Para eso é necesario facer un traballo previo, informativa e de seguimento, determinando de inicio aquelas zonas que son de maior importancia a nivel Municipal, para estender con posterioridade este traballo o resto de zonas.

Dende este grupo Municipal creemos que é importante e necesario establecer unha serie de actuacións estruturadas e pautadas, e comezar xa un funcionamento organizado, pois seguir coa mesma liña de traballo supón manter o mesmo custe, os mesmos problemas..

ACORDOS

Instamos ó Grupo de Goberno de Rianxo en Común encabezado por Xulián Bustelo.

- Revisar a inclusión de novas actividades nas solicitudes de declaración responsables
 - Modificar a ordenanza nº 18 co fin de ser máis explícito sobre a limpeza de fincas colindantes con vías de titularidade Municipal, ou doutras administracións.
 - Establecer un período de revisión máximo de 6 meses para que realmente teña efecto no vindeiro ano 2024.
 - Iniciar un proceso de comunicación- notificación ós veciños e veciñas e dando prazos prudentes de actuacións para evitar que esta actuación teña un fin recaudatorio, senón correctivo de condutas e procesos
 - Facer unha limpeza intensa de forma inicial, sen custe para os veciños/as, para deixar todas as pistas, beirarrúas, no estado que o Goberno de Rianxo considere que deben estar e aplicar dende ese momento os cambios propostos.
 - Establecer un sistema de codificación de tarefas aproveitando os recursos Municipais existentes
-
- Publicar o calendario de actuación (limpeza de viais, de beirarrúas, lavadoiros, obras que se fan a executar en cada unha das parroquias:
 - Periodicidade aproximada
 - Que vai implicar para os veciños e veciñas esas actuacións

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 2 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE), 5 abstencións (2 concelleiro/a de Rianxo en Común, 1 concelleiros/as do BNG e , 2 concelleiros/as do PP), 0 votos en contra, dos 7 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

- Revisar a inclusión de novas actividades nas solicitudes de declaración responsables
- Modificar a ordenanza nº 18 co fin de ser máis explícito sobre a limpeza de fincas colindantes con vías de titularidade Municipal, ou doutras administracións.
- Establecer un período de revisión máximo de 6 meses para que realmente teña efecto no vindeiro ano 2024.
- Iniciar un proceso de comunicación- notificación ós veciños e veciñas e dando prazos prudentes de actuacións para evitar que esta actuación teña un fin recaudatorio, senón correctivo de condutas e procesos
- Facer unha limpeza intensa de forma inicial, sen custe para os veciños/as, para deixar todas as pistas, beirarrúas, no estado que o Goberno de Rianxo considere que deben estar e aplicar dende ese momento os cambios propostos.
- Establecer un sistema de codificación de tarefas aproveitando os recursos Municipais existentes
 - Publicar o calendario de actuación (limpeza de viais, de beirarrúas, lavadoiros, obras que se fan a executar en cada unha das parroquias:
 - Periodicidade aproximada
 - Que vai implicar para os veciños e veciñas esas actuacións

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do Grupo municipal PSOE, presenta unha emenda a Moción ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023 , que textualmente di:

Modificación da moción presentada por rexistro con data 13.10.2023 polo PSdG Rianxo e definida no art. 97.5 do citado RD 2568/1986, , definíndoa como “a proposta de modificación dun ditame ou proposta presentada por calquera colexiado, mediante un documento presentado ao presidente antes de iniciar a deliberación do asunto.”

MOCIÓN : Estudio de modificación da ORDENANZA NON FISCAL referente a declaracións responsables como medio de regulación de actividade agrícola e Ordenanza núm. 18, xeral de limpeza e medio ambiente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entendemos que o seu funcionamento debe ser revisado, xa que houbo modificacións legislativas e consideramos que deben ser tidas en conta co ánimo de garantir un bo funcionamento veciñal, incluíndo novas actividades,

Nós hoxe aquí imos propoñer unha referente á limpeza de beirarrúas, co ánimo de darlle seguridade ós veciños e veciñas que fagan a súa labor agrícola en terreos lindeiros a beirarrúas e camiños de titularidade pública, e o mesmo tempo a seguridade a nivel Municipal de garantir un control, eliminando así un dos motivos de que as beirarrúas estén con herba en épocas estivais principalmente e baixando o custes co que se podería destinar eses recursos a outras tarefas, servizos, etc

Ordenanza núm. 18, xeral de limpeza e medio ambiente Artigo 4.- 1.- Tódolos habitantes de Rianxo están obrigados, no que concirne á limpeza do Concello, a observar unha conducta encamiñada a evitar e previr a sucidade

Os procesos de limpeza e desbroce están ocupando un esforzo económico importante a nivel Municipal, e en moitas casos por accións indirectas, e sen responsabilidade MUNICIPAL na maioría dos casos obriga ó Concello a ter que invertir recursos económicos e de persoal nestas tarefas

Así mesmo sería de aplicación (sendo xa abrigatorio) que cada veciño ou veciña tivera limpa a súa finca, o seu muro, polo que a nivel Municipal deberíamos iniciar un procedemento de control sobre estos aspectos co fin de eliminar custe nas dinámicas de limpeza e desbroce, e destinar os recursos Municipais cara aspectos que realmente lle competen a este último.

Queremos darlle seguridade ós veciños e veciñas e o mesmo tempo garantir un control por parte do Goberno Municipal, en aquelas actividades que impliquen verter terra sobre beirarrúas, pistas, etc, polo que como xa comentamos, queremos que a declaración responsable sexa un mecanismo valido para poder controlar este tipo de tarefas.

Sabemos que é unha tarefa complicada e a longo prazo, máis tamén entendemos que é unha tarefa necesaria, que implica de inicio un cambio de funcionamento, un cambio de costumes e hábitos, un compromiso veciñal co Concello, pero tamén entendemos que repercutirá de forma positiva no nel, permitindo dirixir gasto a novos investimentos.

Implicará un control por parte das persoas responsables: técnico de medioambiente e policía local.

Sería de interese, que de forma paralela a modificación desta ordenanza non fiscal, se iniciara unha CALENDARIZACIÓN NAS ACTUACIÓNS, MARCAR AS ZONAS MEDIANTE CÓDIGOS DE URXENCIA E ACTUACIÓN (TEMOS EXEMPLOS SECTORIZADOS NOS INVENTARIOS DE CAMIÑOS OU NO PROPIO PXOM)

Publicar o calendario de actuación (limpeza de viais, de beirarrúas, lavadoiros, obras que se fan a executar en cada unha das parroquias:

Periodicidade aproximada

Que vai implicar para os veciños e veciñas esas actuacións

FACER UN TRABALLO DE CAMPO PARA DETERMINAR O ESTADO DOS TERREOS (titularidades de fincas, e activar o Convenio con catastro para promover a regularización do mesmo) DETERMINAR O ESTADO DOS TERREOS MUROS, PROPIEDADES LINDEIRAS CON PISTA DE TITULARIDADE MUNICIPAL E ESTABLECER UN TRABALLO COORDINADO XUNTO CO RESTO DE ADMINISTRACIÓN QUE PARTICIPAN NA LIMPEZA DAS PISTAS.

DEBERÍASE Iniciar un proceso de comunicación- notificación ós veciños e veciñas e dando prazos prudentes de actuacións para evitar que esta actuación teña un fin recaudatorio, senón correctivo de condutas e procesos

PROPOÑEMOS que de forma inicial se faga unha limpeza intensa, sin custe para os veciños/as, para deixar todas as pistas, beirarrúas, no estado que o Goberno de Rianxo considere que deben estar e aplicar dende ese momento os cambios propostos.

Así mesmo e co ánimo de mellorar a convivencia entre os veciños e veciñas creemos que é importante que o Concello aplique o Artigo 31.- O Concello poderá establecer na vía pública os equipamentos especiais para as deposicións dos animais domésticos, sinala-los lugares habilitados, instalar elementos de contención para facilitar o libramento de excrementos a que fai referencia no apartado 5 b) do Artigo 30, e procederá a coloca-las sinais preventivas e informativas necesarias para o cumprimento do presente precepto.

Para eso é necesario facer un traballo previo, informativa e de seguimento, determinando de inicio aquelas zonas que son de maior importancia a nivel Municipal, para estender con posterioridade este traballo o resto de zonas.

Dende este grupo Municipal creemos que é importante e necesario establecer unha serie de actuacións estruturadas e pautadas, e comezar xa un funcionamento organizado, pois seguir coa mesma liña de traballo supón manter o mesmo custe, os mesmos problemas..

ACORDOS

Instamos ó Grupo de Goberno de Rianxo en Común encabezado por Xulián Bustelo.

1. Revisar a inclusión de novas actividades agrarias nas solicitudes de declaración responsables.
2. Modificar a ordenanza nº 18 co fin de ser máis explícito sobre a limpeza de fincas

colindantes con vías de titularidade Municipal ou doutras administracións, e actividades de desbroce e limpeza de muros.

3. Establecer un período de revisión máximo de 6 meses para que realmente teña efecto no vindeiro ano 2024.
4. Calendarizar os procesos e facer análise técnico de prioridades

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo PSOE) 2 votos en contra (2 dos membros do grupo BNG) e 10 abstencións (dos 5 membros do grupo PP e 5 membros de Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ESTUDO DE MODIFICACIÓN DE PROCEDIMENTO E TRÁMITES QUE AFECTA A ORDENANZA FISCAL NÚM. 19, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, ASNELOS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente este proceso de comunicación implica un período longo de resposta, sendo no mellor dos casos de unha semana, que en moitos casos dificulta o funcionamento normal das empresas que traballan en Rianxo e necesitan deste procedemento para poder operar.

Creemos que debemos facilitar certos procesos para evitar por un lado, fraude derivado da non tramitación dos procesos, é o mesmo tempo, darlle garantías de cumprimento de prazos e capacidade organizativa ás empresas, e persoas responsables desas obras ou actuacións.

Vemos modelos doutros Concellos que resultan moito máis sinxelos e áxiles para quen necesita este proceso para executar a súa actividade laboral.

ACORDOS

Instamos ó Grupo de Goberno de Rianxo en Común encabezado por Xulián Bustelo.

- Modificar os procedementos e trámites para autorizar a ocupación de vía pública.
 - o Modificar os mecanismos de autorización. Establecer un modelo de declaración responsable áxil e sinxelo que lle permita as empresas e titulares da obra poder acurtar tempos e saber con veracidade cando poden iniciar as obras.
 - o Actualizar a documentación que se adxunta e que sexa o máis clara e precisa posible.

- Establecer as condicións temporais necesarias para poder presentar a solicitude (necesidade ou non de que o Concello realice sinalización)
 - Días de antelación necesarios
 - Zonas de ocupación permitidas
 - Dimensións
 - Tempos de ocupación
 - Sinalización
 - Seguridade
 - No caso de necesitar avais bancarios, establecer mecanismos de control previos, e posteriores, que estos procesos non se dilaten 1 ano.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 4 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE, 2 concelleiros/as do PP), 3 abstencións (2 concelleiro/a de Rianxo en Común e 1 concelleiros/as do BNG), 0 votos en contra, dos 7 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

- Modificar os procedementos e trámites para autorizar a ocupación de vía pública.
 - Modificar os mecanismos de autorización. Establecer un modelo de declaración responsable áxil e sinxelo que lle permita as empresas e titulares da obra poder acurtar tempos e saber con veracidade cando poden iniciar as obras.
 - Actualizar a documentación que se adxunta e que sexa o máis clara e precisa posible.
 - Establecer as condicións temporais necesarias para poder presentar a solicitude (necesidade ou non de que o Concello realice sinalización)
 - Días de antelación necesarios
 - Zonas de ocupación permitidas

- Dimensións
- Tempos de ocupación
- Señalización
- Seguridade
- No caso de necesitar avais bancarios, establecer mecanismos de control previos, e posteriores, que estos procesos non se dilaten 1 ano.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do Grupo municipal PSOE, presenta unha emenda a Moción ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023 , que textualmente di:

modificación da moción presentada por rexistro con data 13.10.2023 polo PSdG Rianxo e definida no art. 97.5 do citado RD 2568/1986, definíndoa como “a proposta de modificación dun ditame ou proposta presentada por calquera colexiado, mediante un documento presentado ao presidente antes de iniciar a deliberación do asunto.”

MOCIÓN: Estudo de modificación de procedemento e trámites que afecta a Ordenanza fiscal núm. 19, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, asnelos, andamios e outras instalacións análogas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente este proceso de comunicación implica un período longo de resposta, sendo no mellor dos casos de unha semana, que en moitos casos dificulta o funcionamento normal das empresas que traballan en Rianxo e necesitan deste procedemento para poder operar.

Creemos que debemos facilitar a actividade empresarial (darlle garantías de cumprimento de prazos e capacidade organizativa), e propieratari@s responsables desas obras ou actuacións que moitas veces se ben na tesitura de manexar decisións temporais a curto prazo.

Vemos modelos doutros Concellos que resultan moito máis sinxelos e áxiles para quen necesita este procesos para executar a súa actividade laboral.

ACORDOS

Instamos ó Grupo de Goberno de Rianxo en Común encabezado por Xulián Bustelo.

- Modificar os procedementos e trámites para autorizar a ocupación de vía pública.
- Modificar os mecanismos de autorización. Establecer un modelo de declaración responsable áxil e sinxelo que lle permita as empresas e titulares da obra poder acurtar tempos e saber con veracidade cando poden iniciar as obras.
- Actualizar a documentación que se adxunta e que sexa o máis clara e precisa posible.
- Acurtar os prazos de devolución de avais, establecer mecanismos de control previos e posteriores, e que estes procesos non se dilaten 1 ano.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo PSOE, 5 dos membros do grupo PP), 0 votos en contra e 7 abstencións (dos 2 membros do grupo BNG e 5 membros de Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: POLÍGONO DE TÉ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vendo as declaracións e posicionamento do Alcalde Xulián Bustelo ó respecto en diferentes medios, incluso no pleno ordinario de setembro do día 28, donde afirmaba de forma categórica que non se ía ampliar o Polígono de Té; dende esta agrupación creemos que debemos dar pasos firmes e avanzar cara un modelo de polígono sostible; nunha ubicación distinta a que marca o PXOM na súa aprobación provisional, pero que sexa continuo ó actual, dado a premura de solucionar a habilitación de solo industrial.

Creemos que podemos propoñer un modelo de polígono que sexa sostible como medioambiente, respetuoso cos veciños e veciñas, que sexa respetuoso co entorno do río, incluso que esta actuación permita facer mellorar no entorno e dotar de espazos de esparcemento social.

Sabemos da existencia de demanda de solo na comarca, sabemos na existencia de demanda de solo en Rianxo, e temos a posibilidade de poñer a Rianxo no primeiro lugar na consecución de empresas instaladas

ACORDOS

Instamos ao Grupo de Gobernación de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo.

- Establecer unha reunión urxente coa SEA nun prazo máximo de 2 semanas
- Crear unha comisión de seguimento e participación veciñal.
- Enfocar as actividades industriais que se levarán a cabo no polígono de un modo ecoeficiente e sostible.
- Crear a infraestrutura que soporta o polígono orientada a un menor impacto ambiental
- Aplicar solucións eficaces para o uso da auga, a eficiencia enerxética e as fontes de enerxía alternativas e que teñan beneficio directo no aforro enerxético as vivendas cercanas ao polígono.
- Integración paisaxística ao contorno do polígono industrial mediante a revexetación con especies autóctonas e deseño integrado de zonas verdes e zonas de esparcemento
- Facer unha regulación sobre as empresas que se instalen...

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 2 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE), 5 abstencións (2 concelleiro/a de Rianxo en Común , 1 concelleiros/as do BNG e , 2 concelleiros/as do PP), 0 votos en contra, dos 7 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

- Establecer unha reunión urxente coa SEA nun prazo máximo de 2 semanas
- Crear unha comisión de seguimento e participación veciñal.
- Enfocar as actividades industriais que se levarán a cabo no polígono de un modo ecoeficiente e sostible.
- Crear a infraestrutura que soporta o polígono orientada a un menor impacto ambiental
- Aplicar solucións eficaces para o uso da auga, a eficiencia enerxética e as fontes de enerxía alternativas e que teñan beneficio directo no aforro enerxético as vivendas cercanas ao polígono.

- Integración paisaxística ao contorno do polígono industrial mediante a revexetación con especies autóctonas e deseño integrado de zonas verdes e zonas de esparcemento
- Facer unha regulación sobre as empresas que se instalen...

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do Grupo municipal PSOE, presenta unha emenda a Moción ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023 , que textualmente di:

Modificación da moción presentada por rexistro con data 13.10.2023 polo PSdG Rianxo e definida no art. 97.5 do citado RD 2568/1986, , definíndoa como “a proposta de modificación dun ditame ou proposta presentada por calquera colexiado, mediante un documento presentado ao presidente antes de iniciar a deliberación do asunto.”

MOCIÓN : Polígono de Té

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vendo as declaracións e posicionamento do Alcalde Xulián Bustelo ó respecto en diferentes medios, incluso no pleno ordinario de setembro do día 28, donde afirmaba de forma categórica que non se ía ampliar o Polígono de Té; dende esta agrupación creemos que debemos dar pasos firmes e avanzar cara un modelo de polígono sostible; nunha ubicación distinta a que marca o PXOM na súa aprobación provisional, pero que sexa continuo ó actual, dado a premura de solucionar a habilitación de solo industrial.

Creemos que podemos propoñer un modelo de polígono que sexa sostible co medioambiente, respetuoso cos veciños e veciñas, co entorno do río Té, e incluso que esta actuación permita facer melloras no entorno e dotar de espazos de uso social.

Sabemos da existencia de demanda de suelo na comarca, sabemos na existencia de demanda de suelo en Rianxo, e temos a posibilidade de poñer a Rianxo no primeiro lugar na consecución de empresas instaladas.

Queremos un polígono modélico, baseado na ecoeficiencia e sostenibilidade, regulando as actividades económicas que nel se poidan realizar.

É posible crear unha infraestrutura que soporte un polígono orientado a un menor impacto

ambiental e a un uso sociodeportivo do mesmo.

Existen esos modelos, pero para iso debemos abandonar esa idea preconcebida sobre os modelos de polígonos actuais, creemos dende este Grupo Municipal, que Rianxo non pode deixar escapar a oportunidade de xerar postos de traballo a corte -medio prazo.

É posible aplicar solucións eficaces para o uso da auga, a eficiencia enerxética e fontes de enerxía alternativas e que teñan beneficio directo no aforro enerxético nas vivendas cercanas ao polígono. Existen estes modelos xa na actualidade. Si falamos de comunidades enerxéticas nos edificios públicos de Rianxo, porque non podemos falar de comunidades enerxéticas donde se plantexe esta dualidade polígono - veciñanza.

Debemos marcar liñas vermellas e unha delas debe ser a Integración paisaxística ao contorno do polígono industrial mediante a revexetación con especies autóctonas e diseño integrado de zonas verdes e zonas de esparcemento

As propostas únicas a longo prazo serán a ruina de Rianxo, non é o mesmo desenvolver o proxecto que nos propoñemos que no prazo prudencial de 2 anos estaríamos en disposición de ocupar, que facer un polígono novo que nos levaría 6-8 anos ademais do custo económico que levaría asociado.

ACORDOS

Instamos ao Grupo de Gobernación de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo.

- Establecer unha reunión urxente coa SEA nun prazo máximo de 1 mes, para sentar as bases necesarias para iniciar este proxecto de consecución de solo industrial
- Crear unha comisión de SEGUIMIENTO e participación veciñal.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo PSOE), 0 votos en contra e 12 abstencións (dos 2 membros do grupo BNG e 5 membros de Rianxo en Común , 5 dos membros do grupo PP) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

8 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: NECESIDADE URXENTE DE XERAR UN PLAN CONCILIA: PROGRAMA RIANXO MADRUGA, COMEDORES E ACTIVIDADES FÍSICO - DEPORTIVAS, DÍAS SIN COLE

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de ver o programa de Conciliación presentado polo Goberno de ReC, (un proxecto de 14.000 mil €, destinado unicamente a 35 familias, e buscando ser un programa basicamente de financiación de servizos xa existentes, non dándolle esa flexibilidade que demandan os pais e nais, en canto a entradas e tamén saídas dos coles, xa que conciliación familiar, non só é entrar antes ó cole.

Entendemos que se trata dun programa sin consenso, que nace da premisa “ou se fai así ou non sei fai”, nace da falta de diálogo coa restantes forzas políticas, nace da falta de diálogo coa Anpas, cos Clubes, coas empresas, xa que a vinculación Público Privada debese explorar, así como a público asociativa, que tan bo resultados da noutras actividades, eventos etc. Nace sen consenso, sen participación e sen criterio, pero sobre todo, sen diálogo para que se puidera expoñer os diferentes casos que se dan nos 4 centros educativos existentes (deixamos neste momento o CRA, xa que debido a súa propia configuración e a pesar de facer os esforzos necesarios en diversas reunión sprá conseguir servizos de conciliación, a situación está en estado de parálise):

- CEIP ADR castelao
- CEIP Ana María Dieguez
- CEP Brea Segade
- IES Felix Muriel

Creemos que é necesario unha situación modélica, unha proposta que vincule a comunidade educativa, ó tecido asociativo, ó tecido empresarial e por suposto á Administración Local.

Esta debería ser a proposta inicial para facer un proxecto de calidade, e durante meses se puido manter reunión co ánimo de facer un programa Concilia, que sexa algo máis que entrar antes ó Colexio, xa que actualmente esa responsabilidade recae fundamentalmente nas ANPAS, xa que o Grupo de Goberno, non se preocupou de poder cadrar as súas propias actividades dentro dese programa.

Por todo o exposto, e xa mencionando este aspecto anteriormente que é necesario un Plan

Estratéxico de subvención, concluímos coa presentación dos seguintes acordos.

ACORDOS

Instamos ao Grupo de Gobernación de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo.

- Que nun período máximo de 2 semanas se convoque unha reunión do Concello Escolar Municipal, para tratar este e outros temas
- Que se inicie o proceso para xerar a figura de codinadora de Anpas, para fomentar un proxecto conxunto.
- Estudar a viabilidade de implantar un comedor Municipal, para dar servizo ós colexios de Rianxo e a Servizo Sociais, con programas de entrega de comida.
- Que se faga unha programación bianual (Días Sin cole, LudoNadal, Campamentos de verán, que as actividades deportivas comecen e finalicen co curso escolar, e se busque un modelo que garanta a conciliación, a mellora no ámbito deportivo mediante programas conxuntos co resto do tecido asociativo e empresarial Rianxeiro.)

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 2 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE) 5 abstencións (1 concelleiros/as do BNG e 2 concelleiros/as de Rianxo en Común e 2 concelleiros/as do PP) 0 votos en contra, dos 7 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

- Que nun período máximo de 2 semanas se convoque unha reunión do Concello Escolar Municipal, para tratar este e outros temas
- Que se inicie o proceso para xerar a figura de codinadora de Anpas, para fomentar un proxecto conxunto.
- Estudar a viabilidade de implantar un comedor Municipal, para dar servizo ós colexios de Rianxo e a Servizo Sociais, con programas de entrega de comida.

- Que se faga unha programación bianual (Días Sin cole, LudoNadal, Campamentos de verán, que as actividades deportivas comecen e finalicen co curso escolar, e se busque un modelo que garanta a conciliación, a mellora no ámbito deportivo mediante programas conxuntos co resto do tecido asociativo e empresarial Rianxeiro.)

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do Grupo municipal PSOE, presenta unha emenda a Moción ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVICIOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023 , que textualmente di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Despois de ver o programa de Becas para a Conciliación presentado por este Goberno,este grupo municipal cree que é un programa moi exclutorio e que non atende ás necesidades reais das familias de Rianxo.

14.000 mil €, 400€ / un cuatrimestre, 100€ /mes por familia,sempre e cando cumpras cos criterios establecidos nas bases para poder optar a él, donde prima máis o IPREM e non dan cabida a outros ratios de renta en outras condicións, que os horarios laborais. Ben,polo tanto,35 familias que se poderían beneficiar desta axuda. Vostedes sinceramente creen que este programa pode ser unha boa maneira de facer “algo” pola conciliación das familias de Rianxo??

Creo que o problema deste sen sentido é a falta de criterio e a falta de coñecemento dos problemas que teñen en canto á conciliación da vida laboral e familiar deste Concello.

Si tiveran ondado cos coles e cos representantes das familias que son as ANPAS, sobre este tema poderían sacar, ben seguro, outras conclusións. E xa non digo, contar co resto de grupos municipais

O que tratan de facer vostedes con estas becas, é o financiamento de servizos xa existentes, cos que ben podería haberse reunido e plantexar e recoller outras opcións ,de querer darlle unha achega económica neste sentido e que canto menos, se beneficiasen máis familias de Rianxo.

Este programa que plantexan ou nada,igual neste caso, ven sendo o mesmo, porque tratándose dun tema que implica unha rede esencial para calquera municipio, que son as familias, antes de facer calquera actuación económica ó respecto, debe de velar porque sexa o máis efectiva posible, que non sexa discriminatoria e o máis importante,que atenda a necesidades reais.

A palabra conciliación é unha dor de cabeza constante durante o curso e durante as vacacións escolares. O que calquera Concello ten que buscar é a mellor maneira de axudar a este tecido, que por outra banda promove outras áreas esenciais para a vida dun municipio, como son a educación (aquí xogan un papel importante as Anpas, coles, instituto),a cultura (promover actividades dentro dun plan concilia e de maneira conxunta e consensuada cos anteriores),o deporte(implicar ós diferentes clubs do Concello), o comercio(colaborar con empresas que actualmente fan servizos de conciliación, plantexar actuacións co comercio),contar coas diferentes asociacións existentes no Concello e que poden aportar moito en moitos ámbitos.

Porque conciliar non só é poder entrar no cole antes e saír despois, conciliar é algo máis.

Ben é certo que este problema comeza noutras instancias (horarios laborais, comerciais...) e non van a ser os Concellos quen resolvan esta cuestión, pero é certo que existen fórmulas a nivel municipal que funcionan para abordar este tema e darlle solucións a boa parte das familias.

Pero para iso o que se necesita é dialogar con todos eses sectores xa mencionados, o cal durante estes meses atrás ,xa se podía haber feito este traballo, e contar para isto co resto de grupos municipais aquí representados, pois tamén temos moito que dicir e sobre todo que aportar.

Xa que tanto avoga por un goberno de colaboración, empece a predicar con isto, xa sabe que dende esta agrupación sempre vamos a tender unha man.

Por todo o exposto, e por moitas cousas máis que implican este tema, os acordos ós que queremos chegar hoxe aquí, neste pleno que vostede Julián Bustelo preside, son os seguintes:

- Que nun período máximo de 2 semanas se convoque unha reunión do Concello Escolar Municipal, para tratar este e outros temas.
- Que se inicie o proceso para xerar a figura de coordinadora de Anpas, para fomentar un proxecto conxunto.
- Estudar a viabilidade de implantar un comedor Municipal, para dar servizo ós colexios de Rianxo e a Servizo Sociais, con programas de entrega de comida.
- Que se faga unha programación bianual (Días Sin cole, LudoNadal, Campamentos de verán,que as actividades deportivas comecen e finalicen co curso escolar, e se busque un modelo que garanta a conciliación, a mellora no ámbito deportivo mediante programas conxuntos co resto do tecido asociativo e empresarial Rianxeiro.)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e 12 abstencións (dos 5 membros do grupo Rianxo en Común, 2 membros de do grupo BNG e 5 dos membros do grupo PP,) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

9 MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: PRESUPOSTO 2024

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vendo a declaración do noso alcalde en base que “a ver si podemos ter os presupostos para o primeiro de ano 2024”, queremos destacar a necesidade de avanzar canto antes na súa aprobación, xa que consideramos que debemos modificar as dinámicas de elaboracións actuais, e fomentar que as áreas departamentais sexan o primeiro filtro de control dos mesmo

Destacamos dúas datas:

15 de outubro .- para presentación do presupostos na súa aprobación inicial ó pleno

31 de decembro.- aprobación definitiva dos presupostos.

Citamos aquí O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que se aproba polo texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TÍTULO VI

Orzamento e gasto público

CAPÍTULO I

Dos orzamentos

Artigo 168. Procedemento de elaboración e aprobación inicial.

4. Con base nos orzamentos e as previsións a que se refiren os apartados anteriores, o presidente da entidade elaborará o orzamento xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria que se detallan no apartado 1 do artigo. 166 e neste artigo, ao Pleno da corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, modificación ou devolución.

Artigo 169. Publicidade, aprobación definitiva e entrada en vigor.

2. A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación deberá realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao ano en que deba aplicarse.

6. Se ao inicio do exercicio non entrase en vigor o correspondente orzamento, entenderase prorrogado automaticamente o anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen de conformidade co disposto nos artigos 177. 178 e 179. desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento. A prórroga non afectará aos créditos por servizos ou programas que deban estar rematados no exercicio anterior ou que se financien con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

Queremos que os presupostos permitan baixar o período de pago de facturas a provedores e para iso debemos ser o máis rigurosos posibles, así como establecer medidas de contención de gasto, no caso de haber desvíos a posterior da súa aprobación. Teríamos un previsión de desvíos e nos permitiría ser áxiles nas respostas.

En base a isto solicitamos:

ACORDOS

Instamos ao Grupo de Gobernación de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo.

- Crear unha comisión especial para a elaboración do Orzamento 2024
- Establecer mecanismos de control nas áreas departamentais, emitindo informes económicos e de execución orzamentaria con periodicidade mensual, e cunha previsión de avance de gastos /ingresos trimestrais.
- facer unha revisión das taxas que afectas os servizos que ofrece o Concello.
- Solicitar orzamentos valorados ás áreas departamentais, para que os orzamentos se axusten á realidade mediante a presentación de presupostos das empresas que desenvolverán os proxectos.
- Establecer programas plurianuais, como o caso do Plan Concilia
- Marcar un Plan Estratéxico de Subvencións
- Que se abra urxentemente un prazo de presentación de proxectos, actividades, asociacións deportivas, asociacións culturais, etc. para poder organizar o ano 2024.
- Establecer as obras a executar neste ano 2024 coa finalidade de reducir o prazo de pagamento

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 3 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE, 1 concelleiro/a de PP), 3 abstencións (1 concelleiros/as do BNG e 2 concelleiros/as de Rianxo en Común) 0 votos en contra, dos 6 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

- Crear unha comisión especial para a elaboración do Orzamento 2024
- Establecer mecanismos de control nas áreas departamentais, emitindo informes económicos e de execución orzamentaria con periodicidade mensual, e cunha previsión de avance de gastos /ingresos trimestrais.
- facer unha revisión das taxas que afectan os servizos que ofrece o Concello.
- Solicitar orzamentos valorados ás áreas departamentais, para que os orzamentos se axusten á realidade mediante a presentación de presupostos das empresas que desenvolverán os proxectos.
- Establecer programas plurianuais, como o caso do Plan Concilia
- Marcar un Plan Estratéxico de Subvencións
- Que se abra urxentemente un prazo de presentación de proxectos, actividades, asociacións deportivas, asociacións culturais, etc. para poder organizar o ano 2024.
- Establecer as obras a executar neste ano 2024 coa finalidade de reducir o prazo de pagamento

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do Grupo municipal PSOE, presenta unha emenda a Moción ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023 , que textualmente di:

modificación da moción presentada por rexistro con data 13.10.2023 polo PSdG Rianxo e definida no art. 97.5 do citado RD 2568/1986, definíndoa como “a proposta de modificación dun ditame ou proposta presentada por calquera colexiado, mediante un documento presentado ao

presidente antes de iniciar a deliberación do asunto.”

MOCIÓN : Presuposto 2024

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vendo a declaración do noso alcalde en base que “ a ver si podemos ter os presupostos para o primeiro de ano 2024”, queremos destacar a necesidade de avanzar canto antes na súa aprobación, xa que consideramos que debemos modificar as dinámicas de elaboracións actuais, e fomentar que as áreas departamentais sexan o primeiro filtro de control dos mesmo.

Destacamos dúas datas:

15 de outubro .- para presentación do presupostos na súa aprobación inicial ó pleno

31 de decembro.- aprobación definitiva dos presupostos.

Citamos aquí O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que se aproba polo texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TÍTULO VI

Orzamento e gasto público

CAPÍTULO I

Dos orzamentos

Artigo 168. Procedemento de elaboración e aprobación inicial.

4. Con base nos orzamentos e as previsións a que se refiren os apartados anteriores, o presidente da entidade elaborará o orzamento xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria que se detallan no apartado 1 do artigo. 166 e neste artigo, ao Pleno da corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, modificación ou devolución.

Artigo 169. Publicidade, aprobación definitiva e entrada en vigor.

2. A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación deberá realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao ano en que deba aplicarse.

6. Se ao inicio do exercicio non entrase en vigor o correspondente orzamento, entenderase prorrogado automaticamente o anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen de conformidade co disposto nos artigos 177. 178 e 179. desta lei e

ata a entrada en vigor do novo orzamento. A prórroga non afectará aos créditos por servizos ou programas que deban estar rematados no exercicio anterior ou que se financien con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

Con este aspecto queremos remarcar a necesidade de iniciar un proceso participativo e bastado na pluralidade, que o reflexo de reparto plenario manifesta, e que expón a necesidade imperiosa de chegar a acordos presupuestarios, pois o contrario manifestaría que o Grupo de Goberno pretende impoñer o seu programa electoral, tendo a representación do 30% ó resto de Rianxeiros QUE NON CONCORDARON CON EL E ELIXIRON OUTRAS OPCIÓN. Pretendemos sentar as bases dun presupostos participativos reais, donde se debatan as propostas, e sobre todo coa capacidade crítica que permita ver que Rianxo debe estar por encima de programas electorais dada a representatividade que ten o pleno actualmente.

Queremos que os presupostos permitan baixar o período de pago de facturas a provedores e para iso debemos ser o máis rigurosos posibles, así como establecer medidas de contención de gasto, no caso de haber desvíos a posterior da súa aprobación. Teríamos un previsión de desvíos e nos permitiría ser áxiles nas respostas.

En base a isto solicitamos:

ACORDOS

Instamos ao Grupo de Gobernación de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo.

- Convocar unha comisión especial de contas para a elaboración do Orzamento 2024
- Establecer mecanismos de control nas áreas departamentais, emitindo informes económicos e de execución orzamentaria con periodicidade mensual, e cunha previsión de avance de gastos /ingresos trimestrais, e propoñendo un sistema alternativo na execución orzamentaria que permita ver de forma lineal e interpretar de forma sinxela a evolución departamental
- Solicitar orzamentos valorados ás áreas departamentais, para que os orzamentos se axusten á realidade mediante a presentación de presupostos das empresas que desenvolverán os proxectos.
- Diseñar un modelo de presuposto que permita ver de forma lineal o desenvolvemento do mesmo, e que a súa vez analice o desglose específico de cada área, facendo esta análise de forma mensual para poder estimar de forma exacta dita evolución.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo PP, 5 dos membros do grupo PSOE), cero

votos en contra e 7 abstencións (dos 5 membros do grupo Rianxo en Común e 2 membros de do grupo BNG) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

10 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CON MOTIVO DA INTERPOSICIÓN DUN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE ORDENACIÓN INTEGRADA DO LITORAL, APROBADA POLO PARLAMENTO DE GALICIA O PASADO 4 DE XULLO

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de outubro, o Goberno central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo.

Deste xeito, o Executivo de Pedro Sánchez desbota calquera liña de diálogo coa comunidade autónoma de Galicia e pon en cuestión unha lei que respecta escrupulosamente a Constitución Española e as competencias nela establecidas.

O noso Estatuto de Autonomía recoñece no seu artigo 27 que a comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114 vén recoñecer que as Comunidades Autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu establecer que a titularidade estatal do dominio non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as CCAA litoral exerzan as súas lexítimas competencias.

Ademais, o TC tamén vén recoñecer que nas Comunidades Autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación del litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno

central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento galego.

Ao que debe engadirse que o Goberno Central non quixo sentarse coa Comunidade Autónoma para chegar a un acordo, senón que o que fixo foi acudir o máis pronto posible a un recurso de inconstitucionalidade para poder exercer o privilexio estatal de suspender unha lei autonómica.

Desde o Grupo Popular considérase imprescindible que Galicia non sexa tratada como unha comunidade de segunda, e que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor.

De feito, a suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas. Poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e de centos de empresas que operan na costa. Así como prexudicar directamente a millón e medio de galegos que viven no noso litoral.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia:

O Concello de RIANXO amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 2 votos a favor (1 Concelleiro/a do BNG, 1 concelleiro/a de PP), 4 abstencións (2 concelleiros/as do PSOE e 2 concelleiros/as de Rianxo en Común) e 0 votos en contra, dos 6 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

O Concello de RIANXO amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ao Goberno central

a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do grupo municipal BNG na súa intervención di que apoiaran a moción, pero presenta unha emenda a moción ditaminada COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023, que textualmente di:

Así mesmo, apoiamos a proposición de Lei rexistrada no Parlamento de Galicia, de traspaso de funcións e servizos da administración xeral do estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do Litoral

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 7 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PP), cinco votos en contra (dos 5 membros do grupo PSOE) e cinco abstención (5 membros de Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA coa emenda presentada, **resultando APROBADO O SEGUINTE ACORDO:**

O Concello de RIANXO amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto.

Así mesmo, apoiamos a proposición de Lei rexistrada no Parlamento de Galicia, de traspaso de funcións e servizos da administración xeral do estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do Litoral

11 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE RIANXO CON MOTIVO DO PERIGO MANIFESTO DE CAÍDA BALAUÍSTRE NO CAMPO DE ARRIBA.

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por seguridade e responsabilidade o grupo popular de Rianxo propón levar esta moción por perigo manifesto de caída da balaustrada no campo de arriba.

Antecedentes :

a ninguén se lle pode escapar, ó mirar o campo de arriba cando estamos nas festas da Guadalupe, o valado metálico provisional que ano tras ano se instala ó carón da actual balaustrada de pedra. Comentar que en Rianxo temos mais festas que a Guadalupe, e por nomear unha delas a do Carme, que tamén ten moita afluencia de público e carece desta medida de seguridade adicional.

Este valado adicional metálico, instálase porque o balaústre de pedra non reúne as condicións necesarias de seguridade para o seu bo uso e polo tanto óptase por este reforzo de seguridade.

En varios tramos do balaústre constátase un deterioro na estrutura que propicia que varias pezas se movan e polo tanto existe risco de desprendemento e caída. Como é comprensible, este risco non só está presente os días da festa, senón todos os 365 días do ano. Todo este risco latente, acentúase coa proximidade do parque infantil, cos usuarios que van mercar ó quiosco, coa afluencia as misas na capela e actos de todo tipo que se celebran na contorna coma poden ser a feira do libro, festa mexillón, festa da xouba, seráns, actuacións das bandas de música, mercadillo, cine, ; como ben se reflexa, estamos nun espazo de gran afluencia e uso constante por parte dos veciñ@s.

Entendemos que non hai necesidade de convivir con esta serie de riscos que se poden subsanar con unha obra de limpeza, conservación e consolidación da actual balaustrada.

Dende o noso grupo, tomamos este tema con responsabilidade, e non queremos pensar no que podería acontecer si parte desa balaustrada caese. Para evitar eses danos materiais ou posibles danos persoais requirimos unha actuación de carácter urxente co fin de corrixir os feitos referidos.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión de seguridade, trasladamos a pleno a adopción destas medidas:

- 1.- Propoñer unha revisión, con informe técnico competente, do estado actual da balaustrada do campo de arriba, tanto a que dá cara a praza Castelao coma a que dá cara a Piscina Municipal.
- 2.- Instar á corporación, unha vez emitido informe, a sanear estas deficiencias no menor tempo e coa maior dilixencia posible.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS

ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 6 membros presentes dos 7 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

- 1.- Propoñer unha revisión, con informe técnico competente, do estado actual da balaustrada do campo de arriba, tanto a que dá cara a praza Castelao coma a que dá cara a Piscina Municipal.
- 2.- Instar á corporación, unha vez emitido informe, a sanear estas deficiencias no menor tempo e coa maior dilixencia posible.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

12 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS/DAS TRABALLADORES/AS DA LIMPEZA DE CORREOS

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa van varios meses nos que se veñen rexistrando incidencias e atrasos no pagamento das nóminas ás traballadoras e traballadores do servizo de limpeza das dependencias de Correos por parte da nova concesionaria, Limpezas JCórdoba. Unha grave situación que comezou coa subrogación do persoal e que afecta a distintos territorios do Estado e de forma moi especial ás traballadoras na Galiza, un colectivo de máis de 360 persoas.

A actual situación dos traballadores e traballadoras é desesperada tras acumular varios meses de falta de pagamentos das súas nóminas, afectando a persoas que dependen dos seus salarios, como a maioría, para o mantemento das súas familias e o pagamento das súas facturas. Aos malos tratos e aos reiterados incumprimentos por parte da empresa concesionaria, súmanselle múltiples incidencias relacionadas coa falta de uniformidade, carencias do material de traballo ou

de máquinas de limpeza.

É perentorio o inmediato pagamento das nóminas, unha obriga básica empresarial e que xustifica sobradamente a convocatoria dunha folga indefinida desde comezos do mes de setembro, reclamando a rescisión do contrato coa empresa concesionaria polo total incumprimento das súas obrigacións.

Mais, neste conflito, a responsabilidade tamén recae na propia Correos xa que no seu momento presentou un concurso "á baixa" e aceptou esa oferta con baixa temeraria por esta empresa, por debaixo dos custos do mantemento adecuado do servizo e dos salarios.

Tal e como demandan os traballadores e as organizacións sindicais, compre determinar a rescisión do contrato actual e realizar un novo concurso para adxudicar o servizo a unha empresa que realmente poida garantir o pagamento aos traballadores e o cumprimento dos seus deberes e obrigacións para co persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1) INSTAR A QUE O GOBERNO DO ESTADO ATENDA AS RECLAMACIÓNS E DEMANDAS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS ANTE O INCUMPRIMENTO DA EMPRESA CONCESIONARIA NO SERVIZO DE LIMPEZA DE CORREOS.
- 2) RECLAMAR DE CORREOS GARANTIR OS DEREITOS LABORAIS EN ESPECIAL SALARIAIS E TAMÉN DE MEDIOS NO DESEMPEÑO DO SEU TRABALLO.
- 3) PROCEDER Á RESCISIÓN DO CONTRATO COA EMPRESA ADXUDICATARIA E LICITAR UN NOVO CONCURSO QUE, DE NON ACADAR UNHA AXEITADA RESOLUCIÓN OBRIGUE A ACTUAR REINCORPORANDO O PERSOAL Á EMPRESA PÚBLICA DE CORREOS ANULANDO A EXTERNALIZACIÓN DUN LABOR BÁSICO E ESTRUCTURAL.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 19/10/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 6 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

- 1) INSTAR A QUE O GOBERNO DO ESTADO ATENDA AS RECLAMACIÓNS E DEMANDAS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS ANTE O INCUMPRIMENTO DA EMPRESA CONCESIONARIA NO SERVIZO DE LIMPEZA DE CORREOS.
- 2) RECLAMAR DE CORREOS GARANTIR OS DEREITOS LABORAIS EN ESPECIAL SALARIAIS E TAMÉN DE MEDIOS NO DESEMPEÑO DO SEU TRABALLO.
- 3) PROCEDER Á RESCISIÓN DO CONTRATO COA EMPRESA ADXUDICATARIA E LICITAR UN NOVO CONCURSO QUE, DE NON ACADAR UNHA AXEITADA RESOLUCIÓN OBRIGUE A ACTUAR REINCORPORANDO O PERSOAL Á EMPRESA PÚBLICA DE CORREOS ANULANDO A EXTERNALIZACIÓN DUN LABOR BÁSICO E ESTRUCTURAL.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

13 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2023 ata o 30/09/2023, que comprenden os números 817/2023 ao 902/2023, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 16 da Sesión ordinaria do día 07/09/2023
- Acta nº 17 da Sesión extraordinaria do día 22/09/2023

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

14 DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUME SOBRE O RESULTADO DO CONTROL INTERNO EN 2022. CONCELLO DE RIANXO.

Dáse conta da proposta presentada:

Expte.: 2023/X998/000092

Dáselle conta ao Pleno do informe de Intervención sobre o resultado do control interno en 2022, ao abeiro do artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, do réxime xurídico do control interno do Sector Público Local, que establece:

"(...) O informe resume remitiráselle ao Pleno, a través do presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterà os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e de función interventora realizadas no exercicio anterior".

O informe de Intervención emitíuse o 01/05/2023, polo que, por mor das eleccións municipais de maio deste ano non se incluíu no Pleno ordinario dese mes. Finalmente, non se chegou a elevar a Pleno, aínda que si se lle remitiu á Intervención Xeral do Estado o mesmo día 01/05/2023, cumprindo co prazo de remisión. Agora corresponde a dación de conta.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Informe resume sobre o resultado do control interno en 2022. Concello de Rianxo.

Expte.: 2023/X998/000092

1. INTRODUCCIÓN

De acordo con o establecido no artigo 37 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RCI), o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da Conta Xeral, o informe resumen dos resultados de control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Este informe resumen será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación.

O 06/04/2020 publicouse no BOE núm. 96 a Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

Réxime de control interno: ordinario (aplícase o réxime normal de contabilidade local)

Ámbito temporal: exercicio 2022

2. ALCANCE DO INFORME

2.1 Consideracións xerais

Durante o exercicio 2022 as actuacións de control interno foron as derivadas de:

- A función interventora
- O control financeiro permanente, fundamentalmente, o derivado das esixencias do ordenamento xurídico.

Unha das principais limitacións na función do control interno é a realización dunha función interventora de carácter pleno e unha omisión de actuacións planificadas de control financeiro, xa que se carece dun Plan Anual de Control Financeiro (PACF). Así, aínda que o control interno abarca fundamentalmente, todo o orzamento de gastos, practicamente non leva a cabo en relación aos ingresos. No exercicio 2022 levou a cabo a fiscalización de requisitos básicos con respecto dos expedientes de concesión de subvencións e na nómina, tras unha modificación nas Bases de Execución do Orzamento.

En relación á función interventora, os datos de partida son os informes de reparo realizados ao longo do exercicio e que son remitidos ao Tribunal de Contas, e os demais informes realizados durante o exercicio 2022 respecto a aquelas cuestións sometidas a fiscalización da intervención. E diso derívanse as seguintes cuestións a ter en conta para que a través de futuros plans de acción poidanse tomar en consideración para a súa mellora.

Os medios persoais cos que se contou para realizar a función de control interno foron os seguintes:

- Intervención FHN, categoría de entrada, cuberta en propiedade.
- Técnico/a de Intervención, para o que se esixe licenciatura: posto cuberto por persoal laboral temporal.
- Administrativo/a: posto cuberto por persoal laboral temporal.

A dotación de medios persoais é insuficiente ante o crecente número de obrigacións atribuídas ao departamento. Actualmente, está a levarse fundamentalmente a función interventora e non

un labor sistematizado de control financeiro. Cos medios dos que se dispoñen, resulta moi complicado levalo a cabo. Por outra banda, expedientes importantes como son a aprobación do orzamento anual, a liquidación orzamentaria e a conta xeral non se están tramitando dentro dos prazos legalmente previstos. Un motivo fundamental é a elevada carga de traballo relativa ao número de persoal do departamento. Hai que ter en conta que nos últimos exercicios, non só se incrementou o número de obrigacións previstas na normativa, senón tamén a súa complexidade, dado o aumento de normas de rango legal, especialmente reais decretos-leis, que obrigan a unha continua actualización de coñecementos e expedientes.

Finalmente, debo resaltar que no ano 2022 non se levou a cabo a fiscalización plena dos gastos que foron obxecto de fiscalización limitada, segundo o que prescribe o artigo 13.4 RCI. É necesario levar a cabo a elaboración dun Plan Anual de Control Financeiro que regule, entre outros, este extremo.

3. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

A continuación expoñeranse as conclusións máis relevantes que se deduzan das actuacións de control realizadas, segundo a súa modalidade.

Os resultados contidos neste informe resumen son os que esta Intervención considerou oportuno expoñer como aspectos máis significativos pola súa relevancia cuantitativa ou cualitativa, pola súa reiteración, ou polas súas circunstancias, obtidos a partir de actuacións de función interventora. E considerando que #ante a falta de medios son as áreas nas que pode comezar antes a traballar para a súa mellora.

3.1 Función interventora

Como se acaba de expoñer, esta función comprende case a totalidade do exercicio do control interno. Para extraer as conclusións, tomarei como referencia os importes dos informes con resultado desfavorable (ou reparo) e comparareinos cos datos do avance da liquidación do orzamento de gastos de 2022:

Cap	Descrición	Créditos iniciais (CI)	Modificacións de crédito (MC)	Créditos definitivos (CD)	Obrigas recoñecidas (O)	Pagos realizados (R)
1	Gastos de personal	3.164.885,48	282.264,59	3.447.150,07	2.936.648,42	2.944.411,08
2	Gastos en bienes corrientes y servicios	3.813.725,11	1.343.721,86	5.157.446,97	4.732.031,68	4.086.163,59
3	Gastos financeiros	18.000,00	0,00	18.000,00	16.886,40	15.791,88
4	Transferencias	291.029,01	41.746,88	332.775,89	301.645,36	198.865,22


Cap	Descrición	Créditos iniciais (CI)	Modificacións de crédito (MC)	Créditos definitivos (CD)	Obrigas recoñecidas (O)	Pagos realizados (R)
	corrientes					
6	Inversiones reales	190.498,14	4.113.174,21	4.303.672,35	1.283.561,31	1.158.509,75
7	Transferencias de capital	0,00	201.127,84	201.127,84	1.799,38	0,00
8	Activos financeiros	10.000,00	0,00	10.000,00	400,00	400,00
9	Pasivos financeiros	163.943,04	53.505,39	217.448,43	217.448,40	217.448,40
Total		7.652.080,78	6.035.540,77	13.687.621,55	9.490.420,95	8.621.589,92

A continuación mostro a porcentaxe dos gastos reparados con respecto do total dos capítulos orzamentarios aos que se imputan. Hai que ter en conta que nos reparos relativos á omisión da licitación no apartado da contratación, só se computaron os primeiros reparos, realizados con carácter extensivo. As facturas recibidas con posterioridade non se imputan a un novo número de reparo e non están incluídas na táboa seguinte, aínda que si se levanta o reparo polo órgano que corresponda.

Cap	Descrición	O 2022 (avance)	Reparos 2022	% Reparos 2022/O 2022
1	Gastos de persoal	2,936,648.42	388,826.59	13.24%
2 e 6	Gastos en bens correntes e servizos e investimentos reais	6,015,592.99	2,994,930.15	49.79%
4	Transferencias e subvencións correntes y de capital	303,444.74	104,129.49	34.32%
	Total	9,255,686.15	3,487,886.23	

O importe dos gastos reparados mantívese nun nivel similar no último trienio:

Año	Importe reparos
2020	3,146,795.60
2021	3,936,214.98
2022	3,487,886.23



3.1.1 Ámbito da contratación administrativa

Conclusión: trátase da modalidade de gasto con maior nivel de fiscalización desfavorable

Do mesmo xeito que no exercicio anterior, a área da contratación administrativa é a que leva o maior volume económico de gastos con reparo. E iso, @teniendo en cuenta que no caso dos reparos emitidos con carácter extensivo ás facturas de tracto sucesivo, só se tivo en conta o primeiro reparo, polo que o importe real con reparo sería aínda maior.

Modalidad de gasto	Importe 2021	Peso relativo 2021 (%)	Importe 2022	Peso relativo 2022 (%)	Variación 2022-21	% Variación peso relativo 2022-21
Contratación	3,693,305.70	89.09%	2,994,251.66	85.85%	-699,054.04	-3.25%
Contratación/otros procedimientos	300.00	0.01%	678.49	0.02%	378.49	0.01%
Convenios	3,000.00	0.07%	0.00	0.00%	-3,000.00	-0.07%
Pagos	2,256.17	0.05%	0.00	0.00%	-2,256.17	-0.05%
Pagos a justificar	456.87	0.01%	0.00	0.00%	-456.87	-0.01%
Personal	377,188.24	9.10%	388,826.59	11.15%	11,638.35	2.05%
Subvención	68,864.90	1.66%	104,129.49	2.99%	35,264.59	1.32%
Total Resultado	4,145,371.88	100.00%	3,487,886.23	100.00%	-657,485.65	

As principais deficiencias detectadas son:

- Omisión do procedemento de contratación en canto á verificación previa de existencia de crédito adecuado e suficiente.
- Utilización da contratación menor en supostos nos que é esixible a licitación, sendo a maioría, prestacións de carácter estrutural.

- Omisión do requisito de existencia de crédito.

Reparos en materia de contratación	Importe 2022	Peso relativo 2022 (%)
Omisión de la licitación (incluyendo la omisión del requisito de existencia de crédito en el momento de la realización del gasto)	2,278,784.11	76.11%
Omisión del procedimiento de modificación del contrato	261,848.45	8.75%
Otros incumplimientos en materia de contratación	76,785.59	2.56%
Omisión del procedimiento de contratación menor	376,833.51	12.59%
Total Resultado	2,994,251.66	100.00%

Recomendacións:

1. Impulsar a elaboración e aprobación dun plan de contratación que temporalice de forma realista a licitación das prestacións de carácter estrutural. Esta é unha dá as medidas recomendadas polo Consello de Contas dentro do seu procedemento de Fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos expedientes con omisión de fiscalización previa. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia da Coruña. Exercicio 2016.
2. Regulación dun procedemento agravado para os recoñecementos extraxudiciais de crédito (REC), seguindo o criterio do Tribunal de Contas¹, á vista do importante volume deste tipo de procedementos. O contido deste expediente sería:
 - Informe do órgano xestor sobre as causas que xeraron o REC. Este informe deberá acreditar as prestacións que se realizaron, se o proveedor actuou por orde da administración, canto tempo leva executándose esa prestación de forma irregular, unha valoración acerca de se os prezos axústanse aos de mercado, así como os efectos da suspensión da prestación.
 - Informe do Servizo Xurídico, que deberá pronunciarse sobre a procedencia de instar a revisión de oficio.
 - Informe da Intervención Municipal, de carácter preceptivo e non vinculante. Á vista dos informes anteriores, deberá valorar a aplicación do principio de enriquecemento sen causa, ademais doutras circunstancias como o seu carácter recorrente ou o perxudicio do interese público derivado da suspensión inmediata do servizo.
 - Informe-proposta do órgano xestor sobre o título xurídico do que nacerá a obrigación que soportará o REC: revisión de oficio e posterior liquidación de nulidade ou liquidación da

1

El Tribunal de Cuentas propone regular un procedimiento alternativo de reconocimiento extrajudicial de créditos (REC) mientras no haya un desarrollo normativo. Lo expone en el *Informe de fiscalización de los expedientes de reconocimientos extrajudiciales de crédito aprobados por las entidades locales en el ejercicio 2018*, aprobado en sesión de 22/12/2020.

obligación económica pendente.

- Aprobación do REC polo Pleno.

No exercicio 2022 o importe dos gastos pendentes de aplicación orzamentaria ao 31 de decembro, cuantificados no saldo acredor da conta (4131X) volveu incrementarse ata un importe de 260.727,17 €, fronte a un 88.764,26 € no 2021, o que representa un 193,73 por cento. Considero que estes datos reforzan a necesidade de establecer un procedemento agravado para a aprobación dos gastos pendentes de aplicar no exercicio anterior e servir así de incentivo disuasorio da contratación sen crédito orzamentario, que se corresponden coa maioría dos supostos.

3.1.2 Ámbito do persoal municipal

Conclusións:

1. Necesidade da constitución dun Departamento de Persoal

Nos diferentes informes de Intervención das obrigacións dos expedientes de nómina pónse de manifesto con carácter reiterado a súa elaboración tardía e a existencia de pequenas incidencias a emendar antes da súa aprobación ou, de non ser posible, a regularizar no mes seguinte. Estas incidencias non dan lugar á emisión de reparo pola posibilidade de regularizarse na mensualidade seguinte, pero si evidencian a necesidade de que debe constituírse un departamento específico na área de Persoal. Actualmente, a xestión de nóminas e seguros sociais realízase no Departamento de Emprego, tamén vinculado á Área de Promoción Económica. Dado o tamaño do persoal do Concello de Rianxo, non inferior a 90 empregados/as e que chega a alcanzar os 130 coas contratacións temporais inferiores ao ano.

2. Incumprimento dos límites máximos da contratación laboral temporal

A Real Decreto-lei 32/2021, de 28 decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo introduciu modificacións importantes no texto refundido do Estatuto de traballadores. Así, a modificación do seu artigo supuxo unha regulación exhaustiva dos supostos nos que está permitida a contratación temporal e eliminou o contrato de obra ou servizo, que se utilizaba abusivamente para funcións de carácter estrutural. Por outra banda, a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, previu a posta en marcha do proceso de estabilización do traballo temporal, que se executarán ao longo dos anos 2023 e 2024.

No exercicio 2021, o principal motivo de reparo na área de persoal debíase á contratación temporal para funcións de carácter estrutural, ascendendo a 111.277,03 € e representando un 29,50 por cento do volume de reparos na área de persoal. Con todo, a pesar da nova normativa, este motivo de reparo ascendeu a 90.836,64 € no ano 2022, un 23,36 por cento da total da área de persoal.

Por outra banda, apareceu un novo motivo de informe desfavorable, como é o incumprimento dos límites temporais máximos dos contratos temporais por circunstancias da produción, amplamente regulada no art. 15 TRET. Este motivo de reparo ascendeu a 139.259,70 €, un 35,82 por cento da total da área de persoal.

Os dous motivos anteriores son incumprimentos que se poderían invocar na xurisdición social para reclamar unha contratación laboral indefinida. Conclúo que o impacto da reforma laboral citada non está a ser efectiva no Concello de Rianxo, corréndose o risco de que a taxa de temporalidade estrutural elévese, incumprindo o obxectivo perseguido de mantela por baixo do 8 por cento.

Reparos en materia de personal	Importe 2022	Peso relativo 2022 (%)
Contrato temporal por circunstancias de la producción que supera el límite temporal máximo establecido	139,259.70	35.82%
Criterios de selección contrarios a los principios de mérito y capacidad	46,097.76	11.86%
Imprudencia del contrato temporal	90,836.64	23.36%
Otros	112,632.49	28.97%
Total Resultado	388,826.59	100.00%

3. Existencia de mobilidade funcional do persoal con carácter estrutural sen tramitación do expediente administrativo.

Este motivo de reparo omitiuse coa implementación da fiscalización de requisitos básicos na nómina.

Recomendacións:

1. Impulsar a elaboración dunha relación de postos de traballo (RPT) que priorice conseguir unha estrutura organizativa da entidade o máis eficiente posible dentro das posibilidades orzamentarias e que ofrece a taxa de reposición. Este é un instrumento necesario para avaliar a necesidade de persoal e as opcións permitidas pola normativa vixente para incorporar novo emprego ou optar por outras formas de xestión dos servizos.

2. Priorizar a creación dun posto de traballo e praza adscrito a un Departamento de Persoal.

3.1.3 Xestión orzamentaria

No informe relativo ao exercicio 2021, a contratación sen contar con crédito suficiente afectou a un gasto de 1.055.351,05 € (un 28,57 por cento do importe total de informes desfavorables).

No exercicio 2022, ano de prórroga orzamentaria, este motivo de reparo descríbese como a falta de verificación do requisito de existencia de crédito, ao non contar cunha proposta de gasto autorizada con carácter previo á contratación. Este incumprimento afectou a un gasto de 2.278.784,11 €, un 76,11 por cento do total de reparos en materia de contratación administrativa.

Reparos en materia de contratación	Importe 2022	Peso relativo 2022 (%)
Omisión de la licitación (incluyendo la omisión del requisito de existencia de crédito en el momento de la realización del gasto)	2,278,784.11	76.11%
Omisión del procedimiento de modificación del contrato	261,848.45	8.75%
Otros incumplimientos en materia de contratación	76,785.59	2.56%
Omisión del procedimiento de contratación menor	376,833.51	12.59%
Total Resultado	2,994,251.66	100.00%

Recomendacións

1. Valorar a estrutura de gastos do orzamentos con criterios de planificación, racionalidade, economía e eficiencia, debido a un incremento sostido nos últimos exercicios do gasto corrente, en maior medida que os ingresos estruturais. Este aspecto será obxecto de estudo no informe da liquidación do orzamento de 2022.
2. Polo lado do estado de ingresos: valorar a conveniencia e posibilidade de incrementar o nivel de autofinanciación dos servizos públicos mediante a modificación das ordenanzas fiscais e de prezos públicos e mediante a colaboración do sector privado (patrocinios...).

3.1.4 Concesión de subvencións

Conclusións:

1. O procedemento de concorrencia competitiva é residual

Actualmente, este concello concede unha serie de subvencións nominativas que figuran en todos os orzamentos (trátase basicamente de subvencións a entidades benéficas e de pequena contía, e tamén a algunha entidade deportiva concreta). Nos últimos exercicios recomendouse a

convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, de modo que a concesión directa sexa unha excepción.

Ademais, hai que sinalar que no caso das subvencións a entidades deportivas, a maior parte delas facturan ao concello pola impartición de escolas deportivas que non contan con contrato. Detectouse que para as mesmas actividades, as entidades perciben ingresos municipais en concepto de subvención e de facturación. Este aspecto urxe solucionalo a partir dunha convocatoria pública de subvencións. Coa implementación da fiscalización en réxime de requisitos básicos, este aspecto non foi obxecto de informe, aínda que non hai evidencias de que se modificou a situación con respecto do exercicio 2021.

2. Falta dun Plan Estratéxico de Subvencións

A elaboración deste documento está prevista no artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións:

“1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.

Recomendacións:

1. Elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, xa que o concello non conta con el.
2. Establecer como réxime xeral a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro.

3.2 Control financeiro permanente

Esta función de control interno consistiu na emisión de informes esixidos pola normativa aplicable e por petición da Alcaldía ou Secretaría Municipal:

- Informe previo á aprobación da prórroga do orzamento de 2022 a 2023.
- Informe previo á liquidación do orzamento.
- Informes previos ás modificacións orzamentarias.
- Informe previo á modificación das bases de execución do orzamento.

- Informes previos á aprobación inicial da modificación de ordenanzas fiscais.
- Informes previos relativos a procedementos de selección para a creación de listas de contratación: aprobación de bases de selección e da convocatoria, así como os informes previos ás aprobacións das ditas listaxes.
- Información remitida ao Ministerio de Facenda.
- Outros:
 - Anexos sobre a sustentabilidade financeira dos investimentos incluídos no Plan Provincial de Obras e Servizos (POS).
 - Renuncia por parte dunha concelleira das retribucións vinculadas á súa dedicación parcial (2022/X999/000091).
 - Subvencións: acordo de cualificación provisional das axudas á rehabilitación de vivendas da ARI (7ª fase).
 - Facturas: factura anticipada de mantemento de ascensores (2022/T003/000351).
 - Persoal:
 - Bases de selección de persoal para unha lista de contratación de traballador/a social (2022/E001/000004).
 - Bases de selección de persoal para unha lista de contratación de peóns de praias (2022/E001/000005).
 - Modificación do persoal como consecuencia da oferta de emprego público (OEP) extraordinaria para a estabilización do persoal temporal (2022/X999/000253).
 - Aprobación da OEP de estabilización.
 - Informe solicitado pola Valedora do Pobo sobre a reclamación dunha traballadora da paga extra do 2012 pendente de abonar (2022/Q003/000007).
 - Ingresos:
 - Revisión de tarifas da piscina municipal (2021/C004/000001).
 - Cambio de finalidade de préstamos ingresados pendentes de financiar gastos (2022/X998/000105).
 - Contratación administrativa:
 - Estado de execución do contrato de subministración de renovación da iluminación pública exterior (2019/C005/000004).
 - Ampliación dos límites temporais do gasto plurianual correspondente ao contrato

do Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOM).

- Advertencia (á vista dunha proposta de gasto) que o gasto proposto trátase dun suposto de subvención en especie e non dun contrato menor.

Conclusións e recomendacións

1. Hai unha debilidade clara do exercicio do control financeiro, que urxe remediar mediante a aprobación dun Plan Anual de Control Financeiro.
2. Reforzar os recursos persoais do departamento para asumir as tarefas que están pendentes de implementar, especialmente, en relación ao control financeiro.

3.3 Auditoría pública

Non se realizaron auditorías públicas. O Concello de Rianxo non ten ningunha entidade das enumeradas no art. 29.3.A) do RD 424/2017.

As conclusións e recomendacións son as mesmas que no apartado 3.2.

4. DEFICIENCIAS

Son as indicadas no apartado 3 deste informe e que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción elaborado polo Presidente da Corporación co obxecto de ir introducindo melloras aos poucos nos próximos exercicios.

1. **Ámbito da contratación administrativa: elaborar un Plan Anual de Contratación**
 1. Elaborar unha lista dos contratos de carácter estrutural que superou os límites da contratación menor.
 2. Elaborar un cronograma realista, #de acordo con as dispoñibilidades de persoal existentes e a complexidade dos contratos, que prevexa a licitación das devanditas prestacións.
 3. Aprobación do Plan Anual de Contratación.
2. **Ámbito da contratación administrativa: Regulación do procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos:**
 1. Por parte da Intervención deberá valorarse o impacto da regulación do procedemento das propostas de gasto aprobado en 2020. Así mesmo, deberán extraerse conclusións sobre as principais dificultades no cumprimento da devandita regulación.

2. A Intervención deberá emitir unha proposta de modificación das BEO para regular o procedemento de REC.
3. **Ámbito da xestión de persoal:**
 1. Ordenación dos postos de traballo: a elaboración da RPT é un expediente complexo, pero debería sistematizarse o seu proceso de elaboración.
4. **Xestión de subvencións:**
 1. Elaboración polos órganos xestores dunha proposta de modificación da actual Ordenanza Xeral de Subvencións para incluír os criterios de concesión ponderados no procedemento de concorrencia competitiva, ou propoñer unha ordenanza específica segundo o tipo de subvención.
 2. Elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións.
5. **Exercicio do control interno:** elaboración por parte da Intervención Municipal dun Plan Anual de Control Interno que inclúa, entre outros, o control financeiro posterior dos expedientes suxeitos a fiscalización limitada en 2022.

5 VALORACIÓN PLAN DE ACCIÓN ANTERIOR

Non procede porque non hai plan de acción anterior.

Emítase este informe para o seu coñecemento pola Alcaldía, a fin de que se remita ao Pleno da Entidade Local (con ocasión da aprobación da Conta Xeral) e á Intervención Xeral do Estado.

Sendo o resultado do control permanente: con efectos informativos

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

15 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A INFORMES DE INTERVENCIÓN E OUTROS DO EXERCICIO 2022

Dáse conta da proposta presentada:

Expte.: 2022/X999/000089

Dáselle conta ao Pleno do informe de Intervención das resolucións contrarias a informes de Intervención e outros, de acordo co artigo 15.6 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

O informe de Intervención emitíuse o 02/05/2023, polo que, por mor das eleccións municipais de maio deste ano non se incluíu no Pleno ordinario dese mes. Finalmente, non se chegou a elevar a Pleno, aínda que si se lle remitiu á Intervención Xeral do Estado o 24/04/2023, cumprindo co prazo de remisión. Agora corresponde a dación de conta.

1. LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa que xustifica a emisión deste informe é a que segue:

- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais (RCI): art. 15.6.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL): art. 218.1.

A normativa que rexe a materia que é obxecto de informe é a que segue:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL)
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais (RCI)
- Resolución do 15/01/2020 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 19/12/2019, polo que se aproba a Instrución sobre a remisión da información relativa ao exercicio do control interno das Entidades Locais.

2. INFORME

O artigo 218 TRLFL establece o seguinte:

"1. O órgano interventor elevará un informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O dito informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.

O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

O presidente da corporación poderá presentar no Pleno un informe xustificativo da súa actuación.

2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o presidente da entidade local poderá elevar

a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.”

O artigo 15.6 RCI establece o seguinte:

